

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Programa de colectores de uso privado para fraccións monomateriais e/ou biorresiduos

Datos da persoa declarante:

D/D^a _____ con NIF _____
_____ 1 con n^o aboado lixo _____ e domicilio

tributario en _____

CP _____ Localidade _____ Tlfno fixo _____

Tlfno. móbil: _____ Correo-e: _____

1. Obxecto da declaración

1. Que desexo participar nos programas específicos de recollida selectiva promovidos polo Concello de Arteixo, de acordo cos criterios establecidos na ordenanza de xestión de residuos e demais normativa aplicable.

2. Que a miña participación ten como obxectivo a adecuada segregación dos residuos e a súa entrega correcta, conforme aos seguintes programas aos que solicito adherirme:

- Programa de colectores de uso privado para fraccións monomateriais e/ou biorresiduos

2. Compromisos adquiridos

Ao amparo da presente declaración responsable, comprométome a:

1. Separar e entregar os residuos das fraccións indicadas (vidro, papel e cartón, envases lixeiros e/ou biorresiduos), cumprindo cos requisitos de segregación selectiva para reducir os residuos da fracción resto.

2. Asegurar que os residuos entregados nas fraccións específicas se atopen libres de mesturas con outras fraccións, conforme aos criterios de calidade e eficiencia establecidos polo Concello.

3. Efectos da declaración responsable

1. Coa presentación desta declaración responsable, solicito a aplicación das reducións tarifarias na taxa de xestión de residuos municipais, conforme á normativa vixente, para o período de devengo no que se presente esta declaración e se inicie a miña participación.

2. Entendo que se a miña participación comeza despois da data de devengo da taxa correspondente, a redución aplicarase ao seguinte período de cobro, sen carácter retroactivo.

4. Manifestación e conformidade

Declaro que coñezo e acepto as condicións, normas e obrigas relativas aos programas de recollida selectiva promovidos polo Concello, comprometéndome a cumprir con cada un dos puntos aquí expresados así como a Ordenanza Municipal de Xestión de Residuos Domésticos (BOP NÚMERO 65 | 04.04.2025). Igualmente, autorizo ao Concello de Arteixo para verificar a correcta segregación e entrega dos residuos, así como para realizar as comprobacións que considere necesarias para o seguimento e control da participación no programa.

5. Autorización para entrega de documentación

D/D^a _____ con NIF _____ 1

AUTORIZA A _____ con DNI/CIF _____

para que, no seu nome e representación, poida presentar a seguinte documentación

Sinatura da persoa declarante/representada¹:

Sinatura da persoa que presenta a declaración:

DOCUMENTACIÓN A XUNTAR: DNI de persoa declarante e DNI persoa representante (ou documento equivalente)

¹ Persoa titular do contrato/abono de recollida do lixo